



### **CHAMADA A COMUNICACIÓNS**

<http://cegmadrid.wix.com/simposioucm-uned2014>

#### **PRESENTACIÓN**

As Xornadas Internacionais UCM-UNED 2014 "Literatura galega: identidade, alteridade e exilio", organizadas conxuntamente polo Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid (Dpto. de Filoloxía Románica, Fil. Eslava e Lingüística Xeral) e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), pretenden facer unha posta en común das liñas de investigación que se están a desenvolver nos Centros Galegos das universidades do mundo e noutras institucións, nomeadamente no ámbito da literatura galega fóra de Galicia e do estudo da identidade, a alteridade e o exilio. Procúrase, por outra parte, favorecer o contacto entre profesores, investigadores e estudantes interesados no coñecemento e estudo da literatura galega, así como fomentar o intercambio científico entre os relatores e os asistentes. Ademais, con estas Xornadas preténdese abrir e estimular o diálogo entre as distintas xeracións pertencentes á colectividade galega.

Estas Xornadas Internacionais UCM-UNED están destinadas a profesores, investigadores e estudantes, Departamentos de Romanística, Centros Galegos en España, Portugal, Hispanoamérica e no resto do mundo, Escolas Oficiais de Idiomas e outras institucións interesadas no estudo da lingua, da literatura e da cultura galega.

#### **PROGRAMA PROVISIONAL**

##### **18 de setembro (UNED)**

---

- Mañá Apertura e conferencia de inauguración: *Literatura galega no exterior*  
Sesións paralelas de comunicacións
- Tarde Sesións paralelas de comunicacións  
Mesa redonda: Coloquio cos escritores do Grupo Bilbao  
Peche: Recital poético

##### **19 de setembro (UCM)**

---

- Mañá Sesión inicial: Presentación de proxectos de investigación e publicacións fóra de Galicia  
Sesións paralelas de comunicacións
- Tarde Mesa redonda: Literatura galega e outras literaturas  
Sesións paralelas de comunicacións  
Peche: Acto de clausura
- Cea de clausura

**ORGANIZAN:** Universidad Complutense de Madrid (UCM) e Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED)

**DIRECCIÓN:** Xavier Frías Conde (UNED) e Carmen Mejía Ruiz (UCM)

**COMITÉ CIENTÍFICO:** Ana Acuña (Universidade de Vigo), Xesús Alonso Montero (Real Academia Galega), Antonio Domínguez Rey (UNED), Alberto Gómez Bautista (Universidade de Aveiro), María Victoria Navas Sánchez-Elez (UCM), André Pociña López (Universidade de Extremadura), Eugenia Poepanga Chelaru (UCM) e Juan Miguel Ribera Llopis (UCM).

**SECRETARÍA:** Luis Luna, Diego Muñoz Carrobles, Ricardo Pichel Gotérrez e Javier Rivero Grandoso.

### SEDES DAS XORNADAS

- Universidad Complutense de Madrid (UCM), Facultade de Filoloxía, Edificio A, Salón de Graos e Aula 12 (Ciudad Universitaria, Praza Menéndez Pelayo 1, 28040, Madrid)
- Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED), Facultade de Filoloxía (R/ Senda del Rey 7, 28040, Madrid)

### PRESENTACIÓN DE RELATORIOS

Os relatorios constarán dun primeiro bloque expositivo (20') seguido dunha breve sección reservada para o debate interno (10'). As liñas de interese priorizadas no congreso serán as seguintes:

- Literatura galega no exterior
- Literatura galega e outras literaturas
- Novas investigacións no ámbito da literatura galega: do medieval ao moderno
- Literaturas peninsulares comparadas
- Literatura galega, arte e cine
- Literatura galega e identidade(s)

Para participar como relator nas Xornadas Internacionais UCM-UNED, cómpre enviar antes do 30/04/2014 a proposta de comunicación (título e resumo aproximado de 300 palabras), xunto cos datos persoais, a través do formulario de inscrición dispoñíbel no sitio web do simposio (<http://cegmadrid.wix.com/simposioucm-uned2014>).

As linguas oficiais das xornadas son o español, o galego e o portugués. Tanto os asistentes como os relatores, terán dereito a un certificado de asistencia ou de comunicación e, de ser o caso, un certificado que acredite os créditos (de grao ou de licenciatura) solicitados.

### CALENDARIO PARA ENVÍO DE PROPOSTAS E MATRÍCULA

- Prazo de envío de propostas: até o 30 abril
- Notificación de contribucións aceptadas: 15 xuño
- Inscrición e pagamento de matrícula:
  - comunicantes: até o 10 xullo
  - asistentes: até o 18 setembro

### COTA DE INSCRICIÓN

- Comunicación: 50€ / tarifa reducida 35€ (estudantes de grao ou posgrao, desempregados)
- Asistencia: 20€

**Enderezo oficial do evento:** <http://cegmadrid.wix.com/simposioucm-uned2014>.

**Contacto:** [xornadasliteraturagalega@gmail.com](mailto:xornadasliteraturagalega@gmail.com).